

Plan anual de trabajos 2021

MVMC de Couso—Gondomar



landra

CONSULTORA FORESTAL

LANDRA CONSULTORA FORESTAL S.L.

Rúa Aguiá nº5, local 3 / 36205 Vigo

886.13.56.38 / 649.39.74.17

consultoraforestal@landra-cf.com

Setembro 2021

Documento I: Memoria

Contido do plan anual

Documento I: Memoria

I.	REVISIÓN DO PLAN ANUAL 2020	1
I.1.	PLAN DE APROVEITAMENTOS	1
I.1.1.	Cortas de rexeneración.....	1
I.1.2.	Cortas extraordinarias.....	2
I.1.3.	Cortas de mellora.....	3
I.2.	PLAN DE MELLORAS.....	3
I.2.1.	Tratamentos silvícolas.....	3
I.2.2.	Traballos prevención de incendios.....	10
I.2.3.	Repoboacións.....	11
I.2.4.	Infraestruturas.....	11
I.2.5.	Outras actuacións.....	12
I.3.	EMPREGO DE QUÍMICOS FORESTAIS.....	13
II.	PLANIFICACIÓN ANO 2021	14
II.1.	PLAN DE APROVEITAMENTOS	14
II.1.1 .	Cortas de rexeneración.....	14
II.1.2 .	Cortas extraordinarias.....	17
II.1.3 .	Cortas de mellora.....	18
II.1.4.	Taxación lote 1/2021.....	20
II.1.5.	Organización da poxa.....	20
II.2.	PLAN DE MELLORAS.....	22
II.2.1	Tratamentos silvícolas.....	22
II.2.3.	Repoboacións.....	28
II.2.4.	Infraestruturas.....	28
II.2.5.	Outras actuacións.....	29
II.2.6.	Actuacións sobre hábitats e especies das directivas “hábitats”, “aves” e catalogadas	32
II.3.	EMPREGO DE QUÍMICOS FORESTAIS.....	33
II.4.	ESTADO XERAL DA UNIDADE DE XESTIÓN	33
II.5.	RISCO DE EROSIÓN E IMPACTO AMBIENTAL DOS TRABALLOS PLANIFICADOS	34
II.6.	NORMAS XERAIS NA UNIDADE DE XESTIÓN	34
II.7.	NORMAS XERAIS PARA O TRATAMENTO DOS RESTOS DE CORTA (LEI 7/2012 DE MONTES DE GALICIA).....	36
II.8.	BALANCE ECONÓMICO	37

Documento II: EBSS

Documento III: Anuncio da poxa

Documento IV: Planos

I. REVISIÓN DO PLAN ANUAL 2020

En agosto do pasado ano 2020 redactouse o Plan Anual de Traballos no Monte Veciñal de Couso, como documento síntese das actuacións que se debían desenvolver no monte veciñal o longo do ano. Dito plan seguía as especificacións do Proxecto de Ordenación do Monte Veciñal, aprobado pola Consellería de Medio Rural en marzo de 2012 e inscrito no rexistro de montes ordenados co número de expediente 360109.

Unha vez realizadas as visitas de campo pertinentes comprobouse o grao de cumprimento dos traballos planificados o pasado ano e se redacta o presente plan facendo un resumo das actuacións realizadas en 2020 así como daquelas que quedaron pendentes de execución.

I.1. PLAN DE APROVEITAMENTOS

I.1.1. Cortas de rexeneración

O día 8 de marzo de 2020, celebrouse na Casa Veciñal de Couso a poxa da madeira correspondente ao ano 2020. A poxa estaba formada por un lote de madeira correspondente con cortas de rexeneración de eucalipto na mouteira 00402 do cuartel dos Remedios.

Na táboa que se presenta a continuación recóllese o adxudicatario, importe de taxación e importe de adxudicación na poxa.

Lote	Adxudicatario	Importe taxación	Importe adxudicación (sen IVE)
1/2020	Rogelio Piñeiro Vázquez e Hijos, S.L.	35.362,73	48.987,00
Total		35.632,73 €	48.987,00 €

Táboa 1: Adxudicación das cortas de rexeneración 2020

O lote 1/2020 foi cortado durante o pasado ano 2020, sen existir ningún efecto ambiental destacable, actualmente está en proceso de rexeneración.



Fotografía nº 1: lote 1/2020 despois da corta

I.1.2. Cortas extraordinarias

En aplicación da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (modificada pola Lei 7/2012 de Montes de Galicia), na rede de faixas de xestión da biomasa entorno ás zonas de uso social os propietarios dos terreos deben xestionarse a biomasa forestal, no MVMC de Couso ten cabida un campo de fútbol no lugar de Cesto Grande que foi cedido ao Club Deportivo Couso polo que elimináronse as especies arbóreas con carácter pirófito existentes (*E.globulus*, *P.pinaster*) arredor das instalacións deportivas nos rodais 01101 e 01102.

A venda da madeira realizouse por tonelada á empresa Aserradero Nigrán S.L.; vénderonse un total de 9,82 toneladas de *P.pinaster* e 311,30 toneladas de *E.globulus*.

Lote	Adjudicatario	Importe taxación	Importe facturado (sen IVE)
2/2020	Aserradero Nigran, S.L.U.	13.306,13	8.991,36
Total		13.306,13 €	8.991,36 €

Táboa 2: Resumo ingresos das cortas de extraordinarias 2020

O lote 2/2020 foi cortado durante o pasado ano 2020, sen existir ningún efecto ambiental destacable, actualmente está en proceso de rexeneración e deberá procederse a eliminar o eucalipto.

I.1.3. Cortas de mellora

No proxecto de ordenación non se recollían cortas de mellora para o ano 2020 mais planificouse unha clara nas masas de piñeiro do cuartel 03 que foron obxecto de subvención o pasado ano 2019 e tamén aquelas das que se solicitou axuda na convocatoria de 2020, rodais: 00607, 00608, 00706, 00707 parte e 00708 no monte San Cristovo.

Por outra banda no cuartel 01 de As Rasas estaba programada unha pequena clara na masa de frondosas co fin de extraer aqueles pés enfermos e decaídos do rodal 00103.

Estas cortas non foron executadas ao longo do pasado ano 2020 polo que quedan retrasadas ao presente 2021.

I.2. PLAN DE MELLORAS

I.2.1. Tratamentos silvícolas

A continuación recóllense os traballos silvícolas realizados no MVMC de Couso durante o pasado ano 2020. A meirande parte dos traballos foron realizados por persoal da Comunidade de Montes, a excepción dos traballos correspondentes as subvencións concedidas pola Consellería do Medio Rural, que foron contratados á empresa LAXES AMBIENTAL S.L.

CUARTEL 01: AS RASAS

- Roza mecanizada con apoio manual no rodal 00201: 0,26 ha. Realizado ao abeiro de subvención (expediente 02360177/2020).

CUARTEL 02: OS REMEDIOS

- Roza, rareo entrefaixas e trituración de restos no rodal 00804: 3,16 ha. Traballo realizado pola empresa LAXES AMBIENTAL SL., ao abeiro de subvención (expediente 02360177/2020)



Fotografía nº 2: traballos realizados na mouteira 00804 do cuartel 02

- Roza, rareo entrefaixas e trituración de restos nos rodais 00601, 00603 e 00605: 3,12 ha. Traballo realizado pola empresa LAXES AMBIENTAL SL., ao abeiro de subvención (expediente 02360177/2020)



Fotografía nº 3: traballos realizados na moureira 00605 do cuartel 02

- Roza mecanizada con apoio manual no rodal 00303: 0,87 ha. Traballo realizado pola empresa LAXES AMBIENTAL SL., ao abeiro de subvención (expediente 02360177/2020)



Fotografía nº 4: traballos realizados na moureira 00303 do cuartel 02

- Roza mecanizada con apoio manual no rodal 00404: 0,43 ha. Traballo realizado pola empresa LAXES AMBIENTAL SL., ao abeiro de subvención (expediente 02360177/2020)



Fotografía nº 5: traballos realizados na mouteira 00404 do cuartel 02

CUARTEL 03: SAN CRISTOVO

- Roza, poda e trituración de restos dos rodais 00606; 00607 e 00608: 9,56 ha. Traballo realizado pola empresa LAXES AMBIENTAL SL., ao abeiro de subvención (expediente 14360074/2019).



Fotografía nº6: traballos realizados na mouteira 00607 do cuartel 03

- Roza, poda e trituración de restos dos rodais 00706; 00707; 00708: 8,10 ha. Traballo realizado pola empresa LAXES AMBIENTAL SL., ao abeiro de subvención (expediente 14360173/2020)




Fotografías nº7 e 8: traballos realizados na mouteira 00707 do cuartel 03

- Roza, formación de guías e/ou poda de castiñeiros dos rodais 00205; 00302; 00303; 00402: 5,19 ha. Traballo realizado pola empresa LAXES AMBIENTAL SL., ao abeiro de subvención (expediente 14360174/2020)
- Roza, clareo, formación de guías e/ou poda de castiñeiros dos rodais 00207; 00208; 00209; 00210; 00211: 2,32 ha. Traballo realizado pola empresa LAXES AMBIENTAL SL., ao abeiro de subvención (expediente 14360174/2020)



Fotografía nº9: detalle da poda na moureira 00205 do cuartel 03



Fotografía nº 10: traballos realizados na moureira 00211 do cuartel 03

Non foron realizados os traballos programados nos rodais 00804 e 01108 por falta de medios.

I.2.2. Traballos prevención de incendios

Os traballos de prevención de incendios foron incluídos nos tratamentos silvícolas, por tratarse de traballos que ademais da prevención de incendios melloran a calidade e produtividade da masa forestal.

A continuación recóllense os traballos realizados coa subvención de incendios 2020, xa descritos no apartado anterior.

MOUTEIRA	ACTUACIÓN	SUP EXECUTADA(HA)
00201	Roza áreas devasas	0,26
00804	Roza de penetración, rareo e eliminación de restos das entrefaixas de masas forestais	3,16
00601	Roza de penetración, rareo e eliminación de restos das entrefaixas de masas forestais	0,70
00603	Roza de penetración, rareo e eliminación de restos das entrefaixas de masas forestais	0,76
00605	Roza de penetración, rareo e eliminación de restos das entrefaixas de masas forestais	1,66
00303	Roza áreas devasas	0,87
00404	Roza áreas devasas	0,43
Pistas forestais	Roza mecanizada con rozadora de cadeas en faixas auxiliares de pista	0,11
Pistas forestais	Roza mecanizada con rozadora de brazo en faixas auxiliares de pista	1,25
TOTAL		9,20

Táboa 3: Traballos de prevención de incendios realizados con subvención en 2020



Fotografía nº 11: traballos realizados nas faixas auxiliares de pista

I.2.3. Repoboacións

Durante o pasado ano 2020 realizáronse as seguintes plantacións:

- Plantación dun rodal de piñeiro país (*Pinus pinaster*) a un marco de plantación de 3x3 m con algúns pés de castiñeiro (*Castanea x hybrida*) a un marco de plantación de 4x4 m. Rodal 00806 do cuartel 02. Este rodal foi cortado no ano 2019 e feito o cambio de especie de piñeirp insigne a piñeiro do país.

I.2.4. Infraestruturas

Durante ano 2020 arranxouse a pista forestal que da acceso ao monte de Os Remedios polo seu extremo sur. Por outra banda instalouse un peche con postes de madeira tratada e malla galvanizada na mouteira 00806 para protexer a repoboación de posibles danos do gando mostrenco.

I.2.5. Outras actuacións

Anualmente o persoal contratado pola Comunidade de Montes de Couso realiza as labores de mantemento e recollida de froitos vermellos e setas shiitake en sendas instalacións nos montes de San Cristovo e As Rasas, respectivamente.

O pasado ano 2020 tamén se realizaron traballos de colaboración con colectivos da parroquia de Couso que consistiron en labores de revestimento de paramentos exteriores con morteiro monocapa e pintado con pintura plástica, aplicado manualmente, así como roza da vexetación do entorno exterior nos depósitos de auga para uso doméstico de “Pisqueiras”, “Fonteiriñas” e “A Cubela”. Estes traballos foron realizados polo persoal contratado pola Comunidade de Montes de Couso.



Fotografía nº 12: Deposito de Pisqueiras reformado

I.3. EMPREGO DE QUÍMICOS FORESTAIS

O longo do ano 2020 estaba programada a aplicación de tratamento fitocida no rodal 00104 do Cuartel 01 e parte do rodal 00804 do Cuartel 03, traballos que non se realizaron por non poder executarse baixo as condicións adecuadas e por falta de medios.

II. PLANIFICACIÓN ANO 2021

Unha vez realizadas as visitas de campo pertinentes e tendo en conta o estado actual da unidade de xestión se planifican unha serie de traballos para o presente ano 2021, debe terse en conta que esta planificación pode sufrir algunha pequena desviación por motivos xustificadas dos que, de ser necesario, se deixará constancia no plan do próximo ano 2022.

II.1. PLAN DE APROVEITAMENTOS

O plan de aproveitamentos queda definido polas cortas de rexeneración, extraordinarias e cortas de mellora que se van realizar no monte veciñal durante o ano 2021.

II.1.1 . Cortas de rexeneración

A 1ª revisión do Proxecto de ordenación do MVMC de Couso está en proceso de aprobación por parte da Consellería do Medio Rural. Mentres non se conte coa aprobación do proxecto planificaranse as cortas seguindo o programado no plan especial da revisión, tendo isto en conta no presente ano 2021 prográmase unha corta de rexeneración no monte de Os Remedios.

Para a determinación do volume a extraer realizouse unha cubicación pé a pé, medindo os diámetros de tódolos pés existentes dentro do lote e unha mostra das alturas. Con estes datos e aplicando as fórmulas do Cuarto Inventario Forestal para a provincia de Pontevedra obtivéronse as existencias totais en cada lote.

LOTE 1/2021: A Chan do Outeiro
Cuartel 02: Os Remedios
Rodais 00202, 00203, 00204, 00250, 00802
Superficie: 3,92 ha

O lote 1/2021 corresponde co tronzón XI do proxecto de ordenación. A superficie de corta ascende a 3,92 ha. e atopase cuberta de eucalipto branco (*Eucalyptus globulus*) fora de quenda, acompañado dalgúns pes de piñeiro e acacia negra.


O lote queda delimitado polo sur por masa de eucalipto adulto na que se pintaron aneis delimitando a zona de corta, polo leste con pista forestal e encravado, polo norte e oeste con pista forestal.

A continuación presentase a táboa resumo das existencias do lote 1.

Especie	Estado	Nº varas**	Nº pes	Volumen (m³)
<i>E. globulus</i>	verde	503	2499	1053,44
<i>E. globulus</i>	seco	27	25	3,46
<i>Pinus sp.</i>	verde	25	209	107,33
<i>Pinus sp.</i>	seco	0	6	2,32
<i>A. melanoxylon</i>	verde	27	80	13,49
TOTAL		503	2819	1.166,55

Táboa 4: Resumo lote 1/2021

**As varas (pés de diámetro normal 7,5 – 9,9 cm) non foron contabilizadas para a determinación do volume.





Fotografías nº13 e 14: lote corta 1/2021 en proceso de saca da madeira

II.1.2 . Cortas extraordinarias

En cumprimento do establecido na lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, no relativo á rede secundaria de xestión da biomasa entorno aos núcleos de poboación de O Outeiro e A Torre faise necesario realizar a corta de 0,96 ha. dunha masa de eucalipto no monte de Os Remedios (rodal 00402).

Por outra banda, se pretende recuperar dúas zonas húmidas que engloban hábitats para a herpetofauna autóctona no lugar de As Laxeiras do Monte San Cristovo (rodal 00108), con motivo desta actuación será necesario realizar unha corta de 0,94 ha.

A venda de esta madeira realizarase por tonelada á empresa Maderas Francisco Pérez Méndez no caso do rodal 00108, estando sen adxudicar actualmente a madeira do rodal 00402. Por considerarse lotes pequenos non foron incluídos na poxa da madeira. Estimouse o volume para a solicitude dos permisos a partir dos datos do proxecto de ordenación.

A continuación presentase a táboa resumo das existencias dos lotes 2 e 3.

Lote	Especie	Estado	Nº pes	Volume (m ³)	Prezo (€/Tn)	Taxación estimada (€)
2	<i>E. globulus</i>	verde	17	6,63	12,10	1004,54
	<i>Pinus sp.</i>	verde	58	75,00		
3	<i>E. globulus</i>	verde	754	318,02	27,00	11.264,51
	<i>Pinus sp.</i>	verde	63	32,40		
TOTAL CORTAS EXTRAORDINARIAS			892	432,05		12.269,06

Táboa 5: Resumo lotes 2/2021 e 3/2021

II.1.3 . Cortas de mellora

No Plan anual de 2020 programábase a clara dos rodais 00607, 00608, 00706, 00707 parte e 00708 no monte San Cristovo, tamén programouse unha pequena clara no monte de As Rasas nunha masa de frondosas co fin de extraer aqueles pés enfermos e decaídos do rodal 00103. Ditas corta de mellora non foron realizadas e polo tanto quedan pendentes de executar o presente ano 2021

Anteriormente comentouse que a 1ª revisión do Proxecto de ordenación do MVMC de Couso está en proceso de aprobación por parte da Consellería do Medio Rural. Mentres non se conte coa aprobación do proxecto planificaranse as cortas de mellora seguindo o programado no plan especial da revisión, tendo isto en conta no presente ano 2021 prográmanse dúas claras de piñeiro no monte de San Cristovo ademais da que xa estaba programada para 2020 e outra clara de eucalipto no monte de Os Remedios.

Na táboa que segue recóllense as mouteiras obxecto de cortas de mellora, o volume a extraer e a taxación estimados.

Mouteira	Superficie (ha)	Especie	Estado	Nºpes	Volume (m³)	Prezo (€/Tn)	Taxación estimada (€)
CUARTEL 01: AS RASAS							
00103	3,64	<i>Castanea spp.</i>	Verde	5	0,90	15,00	13,50
		<i>Q.robur</i>	Verde	6	1,24	15,00	18,60
CUARTEL 02: OS REMEDIOS							
00805	5,60	<i>E.globulus</i>	Verde	1680	300,12	0,00	0,00
CUARTEL 03: SAN CRISTOVO							
00401	3,48	<i>P.pinaster</i>	Verde	957	87,35	18,00	1572,30
00402	0,74	<i>P.pinaster</i>	Verde	204	18,57	18,00	334,26
00607	4,48	<i>P.pinaster</i>	Verde	673	100,80	18,00	1814,40
00608	2,32	<i>P.pinaster</i>	Verde	347	52,20	18,00	939,60
00706	0,23	<i>P.pinaster</i>	Verde	39	5,77	18,00	103,91
00707	7,20	<i>P.pinaster</i>	Verde	1209	180,73	18,00	3252,96
00708	0,42	<i>P.pinaster</i>	Verde	66	10,54	18,00	189,72
TOTAL CORTAS DE MELLORA					758,22		8.239,29

Táboa 6: Cortas de mellora 2021

A madeira da clara de eucalipto será aproveitada como leña de uso doméstico, xa que é un dereito dos veciños e comuneiros de Couso polo que a partir de este ano ofertarase este servizo gratuitamente, sen beneficio económico para a comunidade de montes.

Os datos exactos do volume extraído no resto de claras será recollido no próximo plan anual, xa que se trata de vendas de madeira por tonelada.



Fotografías nº15 e 16: esquerda moureira 00805; dereita moureira 00707 antes dos traballos silvícolas

II.1.4. Taxación lote 1/2021

Para a taxación da madeira empregáronse os prezos actuais do mercado para madeira de eucalipto, tendo en conta que a o Monte Veciñal de Couso está certificado polo sistema de certificación PEFC, con certificado de grupo **PEFC/14-22-00007**, e polo sistema FSC número **SCS-FM/COC-004741**

Especie	Estado	Nº varas	Nº pes	Volumen (m ³)	Peso (Tn)	Prezo (€/Tn)	Taxación
<i>E. globulus</i>	verde	503	2499	1053,44	1274,66	28,00	35.690,46
<i>E. globulus</i>	seco	27	25	3,46	4,18	28,00	117,13
<i>Pinus sp.</i>	verde	25	209	107,33	112,70	27,00	2.897,95
<i>Pinus sp.</i>	seco	0	6	2,32	2,44	27,00	62,74
<i>A. melanoxylon</i>	verde	27	80	13,49	13,49	8,00	107,89
TOTAL		503	2739	1.166,55			38.768,28

Táboa 7: Taxación lote 1/2021

II.1.5. Organización da poxa

A venda da madeira realizouse mediante poxa pública celebrada o día 14 de febreiro de 2021 as 12:00 h. na Casa Veciñal de Couso.

O anuncio da mesma foi publicado na Federación de Aserraderos e Rematantes de Galicia.

O lote de corta foi adxudicado a empresa **Rogelio Piñeiro Vázquez e Hijos, S.L.** por un importe de 64.397,00 euros (sen IVE). As cortas realizaranse seguindo as condicións recollidas no anuncio e que se presentan a continuación:

- A madeira a extraer está sinalada cun chaspe. Os lindes do aproveitamento están definidos por pistas e árbores aneladas que quedarán en pé trala corta.
- Os restos de corta deberán quedar triturados ou ser extraídos do lote de corta. **A non eliminación de ditos restos suporá a perda da fianza.**
- Respectaranse tódolos pés de frondosas presentes no lote.

- Fianza 10% do valor de adxudicación. Dita fianza deberá facerse efectiva o día da poxa, e de non asistir a mesma, o prazo máximo para o pago da fianza será o día seguinte a poxa.
- FORMA DE PAGO: O pago total do lote realizarase nos **DEZ DIAS** seguintes o día da poxa. **De non realizarse o pago no prazo establecido, o adxudicatario perderá os dereitos sobre o lote e perderá a fianza íntegra.**
- PRAZO DE EXECUCIÓN: **6 meses dende a concesión do permiso de corta.** De non executarse a corta no prazo establecido e solicitar unha prórroga, o adxudicatario perderá un 25% da fianza.

II.2. PLAN DE MELLORAS

II.2.1 Tratamentos silvícolas

Os traballos silvícolas propostos para realizar durante o presente ano 2021 seguen as indicacións establecidas nos modelos silvícolas recollidos no Proxecto de ordenación, axustándose segundo a evolución das masas e os traballos realizados nos anos anteriores. Os tratamentos fitosanitarios serán descritos no apartado II.3: Emprego de químicos forestais.

A 1ª revisión do Proxecto de ordenación do MVMC de Couso está en proceso de aprobación por parte da Consellería do Medio Rural. Mentres non se conte coa aprobación do proxecto planificaranse os traballos a realizar no monte seguindo o programado no plan especial da revisión. A continuación faise a descrición dos traballos a realizar por cuarteis do proxecto de ordenación.

CUARTEL 01: AS RASAS

Feita a revisión dos traballos para a redacción do presente plan anual faise a seguinte programación:

- Roza, poda no piñeiro e poda de formación nas frondosas do rodal 00204
- Roza e eliminación de acacia nos rodais 00201 e 00202
- Roza da masa de frondosas entorno a instalación de cultivo de setas shiitake no rodal 00103
- Roza da masa de piñeiro no rodal 00205

CUARTEL 01: AS RASAS				
MOUTEIRA	SUP (ha)	TRATAMENTO	Custo unitario (€/ha)	Custo total (€)
00103	1,61	Roza manual	1200,00	1932,00
00201	0,66	Roza mecanizada con apoio manual e eliminación de acacia	1800,00	1188,00
00202	0,70	Roza mecanizada con apoio manual e eliminación de acacia	1800,00	1260,00
00204	0,68	Roza mecanizada con apoio manual e poda	1950,00	1326,00
00205	1,46	Roza manual	1200,00	1752,00
TOTAL	5,11			7.458,00

Táboa 8: Traballos programados no Cuartel 01 para o ano 2021



Fotografía nº17: moureira 00204 cuartel 01 en proceso de tratamento dos restos



Fotografía nº18: moureira 00202 cuartel 01

CUARTEL 02: OS REMEDIOS

Os traballos programados no Cuartel 02 para realizar no ano 2021 son os seguintes:

- Roza, selección de abrochos e amoreado de restos da masa de eucalipto no rodal 00902
- Roza da plantación de cerdeira nos rodais 00101 e 00104
- Roza do raso en parte do rodal 00303

CUARTEL 02: OS REMEDIOS				
MOUTEIRA	SUP (ha)	TRATAMENTO	Custo unitario (€/ha)	Custo total (€)
00101	5,09	Roza manual	1200,00	6108,00
00104	0,26	Roza manual	1200,00	312,00
00303	0,56	Roza manual	1200,00	672,00
00902	2,77	Roza, selección de abrochos e amoreado de restos	1500,00	4155,00
TOTAL	8,68			11.247,00

Táboa 9: Traballos programados no Cuartel 02 no Plan anual 2021

Para os traballos a realizar na mouteira 00902 foi solicitada subvención ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021.* A mencionada subvención foi publicada no DOG nº 31 do 16 de febreiro de 2021 e está pendente de resolución por parte da Consellería do Medio Rural.



Fotografía nº19: moureira 00101 cuartel 02

CUARTEL 03: SAN CRISTOVO

A continuación recóllense os traballos a realizar no Cuartel 03 do Monte Veciñal durante o ano 2021:

- Roza, selección de abrochos e amoreado de restos da masa de eucalipto no rodal 00202
- Roza previa e poda de coníferas nos rodais 00401, 00402 e 00301
- Roza previa, poda de coníferas e talla/poda de formación nas frondosas do rodal 00601
- Roza e eliminación mecánica de eucalipto nos rodais 01101 e 01102 na faixa de seguridade arredor do campo de fútbol
- Eliminación de eucalipto na plantación de piñeiro nos rodais 01004 e 01006
- Roza da área recreativa de Pisqueias no rodal 00106
- Roza do entorno do campo de fútbol pequeno nos rodais 00103 e 00104
- Limpeza das faixas auxiliares de pistas con rozadora de brazo

Para as actuacións do rodal 00202 e a limpeza das faixas auxiliares de pistas foi solicitada subvención ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021*. A mencionada subvención foi publicada no DOG nº 31 do 16 de febreiro de 2021 e está pendente de resolución por parte da Consellería do Medio Rural.


Por outra banda, para as actuacións dos rodais 00301, 00401 e 00402 foi solicitada subvención ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para acción silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021*. A mencionada subvención foi publicada no DOG nº 39 do 26 de febreiro de 2021 e está pendente de resolución por parte da Consellería do Medio Rural.

A eliminación de eucalipto nas mouteiras 01004 e 01006 realizouse con voluntariado sen coste para a comunidade de montes de Couso.

CUARTEL 03: SAN CRISTOVO				
MOUTEIRA	SUP (ha)	TRATAMENTO	Custo unitario (€/ha)	Custo total (€)
00103	0,41	Roza manual	1200,00	492,00
00104	0,51	Roza manual	1200,00	612,00
00106	0,20	Roza manual	1200,00	240,00
00202	2,23	Roza, selección de abrochos e amoreado de restos	1500,00	3345,00
00301	0,65	Roza, poda coníferas e trituración de restos	1868,00	1214,20
00401	3,08	Roza, poda coníferas e trituración de restos	1868,00	5753,44
00402	0,74	Roza, poda coníferas e trituración de restos	1868,00	1382,32
00601	0,38	Roza, poda e trituración de restos	1950,00	741,00
01004	0,71	Eliminación mecánica de eucalipto	0,00	
01006	1,63	Eliminación mecánica de eucalipto	0,00	
01101	1,07	Roza mecanizada con apoio manual e eliminación de eucalipto	1350,00	1444,50
01102	0,21	Roza mecanizada con apoio manual e eliminación de eucalipto	1350,00	283,50

CUARTEL 03: SAN CRISTOVO				
MOUTEIRA	SUP (ha)	TRATAMENTO	Custo unitario (€/ha)	Custo total (€)
	0,95	Faixas auxiliares de pista brazo	490,07	465,57
TOTAL	12,77			15.973,53

Táboa 10: Traballos silvícolas programados no Cuartel 03 para o ano 2021



Fotografía nº20: mouteira 00401 cuartel 03



Fotografía nº21: moureira 00601 cuartel 03

II.2.3. Repoboacións

Durante o ano 2021 non se programa a realización de repoboacións no monte veciñal de Couso.

II.2.4. Infraestruturas

Durante o presente ano 2021 levarase a cabo o arranxo de pistas forestais en 2,48 kilómetros do monte de San Cristovo.

Na área recreativa de Pisqueiras colocouse un valado de madeira tratada e dous conxuntos de mesas con bancos para acondicionar este espazo de uso social.



Fotografía nº22: área recreativa de Pisqueiras

II.2.5. Outras actuacións

Anualmente o persoal contratado pola Comunidade de Montes de Couso realiza as labores de mantemento e recollida de froitos vermellos e setas shiitake en sendas instalacións nos montes de San Cristovo e As Rasas, respectivamente.

Tal como se fixo o pasado ano 2020 continuarase cos traballos de colaboración con colectivos da parroquia de Couso en labores de revestimento de paramentos exteriores con morteiro monocapa e pintado con pintura plástica, aplicado manualmente, así como roza da vexetación do entorno exterior nos depósitos de auga para uso doméstico de “A Bouza Bedra”, “A Portela” e “A Torre”. Estes traballos serán realizados polo persoal contratado pola Comunidade de Montes de Couso.



Fotografía nº23: Depósito A Portela sen reformar

A Comunidade de Montes de Couso participou durante o presente ano 2021 no mantemento das rutas de sendeirismo que percorren a parroquia, “Ruta arqueolóxica” e “Ruta dos muíños”, mediante a colocación da sinalización. En total foron colocadas 18 sinais tipo frecha realizadas en madeira de piñeiro tratada en autoclave para clase de risco IV, con pé de 7x7 cm e altura de 90 cm., indicadores grabados de 24 cm. de longo por 9 cm. de ancho, este traballo foi realizado pola empresa Sergal Reformas y Mantenimientos.



Fotografías nº24 e 25: Sinalización sendeiros



II.2.6. Actuacións sobre hábitats e especies das directivas “hábitats”, “aves” e catalogadas

No lugar de As Laxeiras do monte de San Cristovo (rodal 00108), levarase a cabo a recuperación de 0,94 hectáreas de hábitats para herpetofauna, as labores a realizar consistirán no acondicionamento e mellora de sendas pozas de auga e a súa vexetación circundante como refuxio para a fauna, a zona repoboarase con anfibios autóctonos locais procedentes do propio monte de Couso rescatados durante traballos de limpeza de depósitos de auga e da poza da área recreativa de Pisqueiras.



Fotografía nº26: Mouteira 00108 do cuartel 03 estado anterior á recuperación de hábitats

II.3. EMPREGO DE QUÍMICOS FORESTAIS

O longo do ano 2021 non se programa a aplicación de tratamentos fitocidas.

En caso de ser necesario levar a cabo este tipo de traballos fóra da programación, o tratamento realizarase mediante o emprego herbicida sistémico no residual que conteña como principio activo GLIFOSATO 36%, Touchdown Premium. A dose de aplicación será de 0,5 l diluídos nun bidón de 25 l o que supón unha dose de 2%. O método de aplicación será mediante pulverización con mochila.

O tratamento realizarase nos días sen choiva e con pouco vento para evitar derivas.

II.4. ESTADO XERAL DA UNIDADE DE XESTIÓN

O estado xeral da unidade de xestión é bo. Durante as visitas realizadas para a definición dos traballos e cortas a realizar no presente ano, comprobouse que o estado sanitario das masas que se desenvolven no monte veciñal é bo, sen presenza de síntomas de enfermidades ou pragas, estase realizando un seguimento do rexenerado de piñeiro insigne (*Pinus radiata*) que se desenvolven no cuartel 02 por ter que cortarse en 2019 por motivos sanitarios.

A afección do *Gonipterus scutellatus* nas masas de eucalipto é leve, cunha porcentaxe de defoliación leve (12%) que non compromete a saúde e vitalidade do arborado polo que non se prevé polo momento realizar ningunha intervención. As masas de frondosas non presentan ningún tipo de dano aparente. Observase unha importante mellora nas masas de piñeiro rexeneradas tralo lume do ano 2005, logo da realización de numerosos tratamentos silvícolas e a eliminación do eucalipto que rexenerou polo interior destas masas e que durante os derradeiros anos tense tratado para a súa completa eliminación.

II.5. RISCO DE EROSIÓN E IMPACTO AMBIENTAL DOS TRABALLOS PLANIFICADOS

Non se prevé en ningún caso que o aproveitamento de madeira ou os traballos planificados poidan causar danos de carácter medioambiental ou económico. Os terreos nos que se van realizar os traballos non presentan a priori problemas para a súa rexeneración. A pendente e as propias características do terreo non fan prever problemas de erosión.

II.6. NORMAS XERAIS NA UNIDADE DE XESTIÓN

A continuación aparecen unha serie de normas a ter en conta nos traballos a realizar na unidade de xestión:

- Con carácter xeral débense respectar todos os cursos de auga, así como a vexetación asociada aos mesmos. Débese vixiar calquera actividade ou explotación que se realice próxima a cursos de auga.
- Non se deben localizar nas proximidades dos leitos as seguintes actividades: establecemento de parques de madeira, almacenamento de produtos fitosanitarios nin de residuos, reparación de maquinaria, e non se lavará ningún tipo de envase nin equipo en cursos de auga. Tampouco se atravesarán directamente con maquinaria pesada, como tractores, autocargadores, etc, excepto nas zonas acondicionadas para iso.
- Débese evitar o uso de maquinaria pesada nas marxes dos arrosios nunha franxa de polo menos 5 metros a cada lado do leito.
- Para operar máquinas en monte empregarase, na medida do posible, persoal especializado no ámbito forestal. En caso contrario dotarase ao persoal da formación necesaria.
- En caso de subcontratar obras ou servizos a un terceiro velarase por que se realicen os traballos de acordo á planificación realizada. Prestarase especial atención no caso de que as empresas subcontratadas non posúan experiencia en traballos forestais.

- As empresas de servizos deberán contar cun sistema de tratamento de residuos industriais tales como aceites de motor. Os residuos perigosos non se poden mesturar con outros residuos, nin tampouco entre eles. Os residuos urbanos xerados polos traballadores deben ser recollidos en bolsas, para o seu posterior depósito nas infraestruturas urbanas dispostas para ese efecto.
- En caso de vertedura accidental de residuos perigosos, extraerase a capa de terra afectada e depositarase nun recipiente adecuado para o seu posterior tratamento.

Rozas

- Terase coidado á hora de afrontar este labor e coñecer as particularidades do terreo para rozar, xa que a maleza pode esconder infraestruturas como pozos ou buracos que non son visibles polos operarios, e que poden derivar en accidentes de gravidade.
- Nos primeiros anos das plantacións, as rozas liberan ás pequenas plantas da competencia con outros vexetais polos nutrientes do chan, a luz e a auga. Tamén se pode rozar baixo o arboledo adulto con diversos fins, como reducir o risco de incendios ou mellorar a accesibilidade ao monte para realizar outros labores.
- As rozas mecanizadas realizaranse en épocas e na maneira en que non afecten á fauna silvestre e antes das épocas de perigo de incendios forestais.
- Para manexar rozadoras ou motosierras dotarase aos traballadores dos correspondentes EPI (Equipos de Protección Individual): casco de seguridade; protección auditiva, ocular e facial; a roupa será axustada e en caso necesario anticorte; luvas e botas de seguridade. En caso de manexar tractores con rozadoras.

Podas

- As podas reducen o crecemento da árbore, pero aumentan a calidade da madeira producida; polo que, actualmente, non se adoitan realizar en certas especies como o eucalipto, pero poden ser moi aconsellables en especies como os piñeiros.
- Supón realizar feridas que poden ser entrada de diversos patóxenos, polo que se ha de prestar atención ao período do ano no que se realiza, así como o caso particular de cada especie. Polo xeral, existe diferenza entre poda de frondosas (que se debe efectuar en períodos de actividade vexetativa co fin de que a planta reaccione rapidamente e cicatrice

coa máxima rapidez) e poda de coníferas (pódaa de ramas verdes debe realizarse durante o período de menor actividade da planta - inverno - e con menor risco sanitario e de incendios forestais)

- Utilizar ferramentas que produzan un corte limpo para evitar riscos sanitarios e minimizar a superficie afectada. Cortar as ramas mediante un corte próximo ao tronco, perpendicular á rama en frondosas e evitando danar as verrugas de cicatrización en coníferas.
- Facer coincidir a altura final de poda con múltiplos da lonxitude comercial das trozas.
- En frondosas destinadas a madeira de calidade son necesarias “tallas de formación”. Este labor, do mesmo xeito que a poda, busca obter fustes rectos e libres de nós. A diferenza é que, por norma xeral, estas especies adoitan ter pouca dominancia apical, e é necesario actuar en toda a árbore e non só no seu parte inferior. Non realizar tallas de formación moi severas que limiten en exceso o desenvolvemento da árbore.

Produtos fitosanitarios e fertilizantes

- Non utilizar produtos fitosanitarios ou fertilizantes que non están legalmente autorizados. Respetar as indicacións e doses do fabricante.

II.7. NORMAS XERAIS PARA O TRATAMENTO DOS RESTOS DE CORTA (LEI 7/2012 DE MONTES DE GALICIA)

- Eliminar ou extraer do monte, cando tecnicamente sexa posible, os restos dos tratamentos silvícolas ou dos aproveitamentos forestais que supoñan un risco pola posible aparición de pragas ou enfermidades forestais.
- A realización dos aproveitamentos madeireiros implicará a extracción ou a trituración da biomasa forestal residual, agás por dificultades de mecanización xustificadas, por motivos ambientais, orografía ou condicións de pluviometría que supoñan risco de erosión, ou aquelas outras que se determinen mediante orde da consellaría competente en materia de montes.

- O aproveitamento da biomasa forestal realizarase seguindo criterios de sustentabilidade e a regulación do aproveitamento da biomasa forestal garantirá a conservación da biodiversidade, a estabilidade dos solos, facilitando o desenvolvemento dos ciclos ecolóxicos, a valorización integral dos montes nos seus usos e aproveitamentos e a súa compatibilidade coas actividades tradicionais da industria forestal galega, como doutros sectores tradicionais.
- Os camiños, pistas ou faixas cortalumes na área do aproveitamento deixaranse libres de restos vexetais e obstáculos que impidan ou dificulten o paso e manobra de vehículos.
- A empresa de explotación forestal tomará tódalas medidas precisas para previr incendios forestais como consecuencia das operacións de aproveitamento.
- Os residuos que poidan xerar as operacións de corta e saca da madeira (latas de combustibles, aceites de engraxe, pneumáticos, repostos e ferramentas mecánicas e de vehículos ou maquinaria, restos de cables, prendas de vestiario, restos de envases de bebidas, alimentos, etc.) serán retirados do monte a vertedoiro autorizado.

II.8. BALANCE ECONÓMICO

INGRESOS

Para realizar un balance o mais axustado posible a realidade consideráronse os ingresos procedentes das cortas a realizar no monte veciñal, así como das subvencións solicitadas nas convocatorias de 2021 e os ingresos por outros produtos non madeireiros.

Cuartel	C. rexeneración	C. extraordinaria	C. mellora	Subvencións	Outros produtos	Total (€)
01	0,00	0,00	32,10			32,10
02	64.397,00	11.264,51	0,00			75.661,51
03	0,00	1.004,54	8.207,19			9.211,73
Total	64.397,00	12.269,06	8.239,29	9.319,12	2.014,67	96.239,14
TOTAL INGRESOS ESTIMADOS						96.239,13

Táboa 11: Ingresos ano 2021

GASTOS

Os gastos previstos proceden dos traballos silvícolas programados, inclúense tamén os traballos propostos para as subvencións do presente ano 2021, actualmente pendentes de aprobación.

Cuartel	Tratamentos silvícolas	Trat. Fitocida	Repoboacións	Infraestruturas	Outros	Total (€)
01	7.458,00	0,00	0,00	0,00		7.458,00
02	11.247,00	0,00	0,00	5.802,44		17.049,44
03	15.973,53	0,00	0,00	40.283,61		56.257,14
Total	34.678,53	0,00	0,00	46.086,05	2.810,00	80.764,58
TOTAL GASTOS ESTIMADOS						80.764,58

Táboa 12: Gastos ano 2021

BALANCE

Segundo estes datos a porcentaxe de reinversión no monte ascende a un 83,9%, sen ter en conta os gastos ocasionados polo mantemento dos traballos nos Proxectos do Shitake e froitos vermellos, superando o 40% establecido por lei.

ANO	Ingresos (€)	Custos (€)	Balance (euros)	% reinversión
2021	96.239,14	83.574,58	12.664,55	86,8
TOTAL BALANCE			12.664,55	> 40%

Táboa 13: Balance ano 2021

Vigo, Setembro de 2021
A enxeñeira de montes



Asdo. Daniela Rodríguez Cruz
Colexiada nº6538 do COIM

Documento II: Estudo básico de seguridade e saúde

ÍNDICE

MEMORIA

1. OBXECTO DO ESTUDIO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE
2. AUTOR DO ESTUDIO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE
3. CARACTERÍSTICAS DAS OBRAS:
 - 3.1. Descrición das obras e situación
 - 3.2. Prazo de execución
 - 3.3. Persoal previsto.
 - 3.4. Asistencia sanitaria
 - 3.5. Maquinaria prevista
 - 3.6 Medios auxiliares.
4. ANÁLISE XERAL DE RISCOS E MEDIDAS PREVENTIVAS:
 - 4.1 Riscos e medidas preventivas dos procesos de obra.
 - 4.2. Riscos e medidas preventivas da maquinaria.
 - 4.3. Riscos e medidas preventivas de medios auxiliares.
 - 4.4. Riscos e medidas preventivas para terceiros
5. CONDICIÓNS DOS MEDIOS DE PROTECCIÓN
6. DISPOSICIÓNS LEGAIS

MEMORIA

1. OBXECTO DO ESTUDIO BÁSICO

Redáctase o presente estudo básico de seguridade e saúde para dar cumprimento o real decreto 1627/1.997 de 24 de Outubro polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, no marco da lei 31/1.995 de 8 de Novembro de Prevención de Riscos laborais.

Os obxectivos que pretende cubri-lo estudio son:

- Organización do traballo de forma que o risco sexa o mínimo.
- Preserva-la integridade dos traballadores e de tódalas persoas do entorno.
- Determina- las instalacións para a hixiene e saúde dos traballadores.
- Establecer as normas de utilización dos elementos de seguridade
- Proporcionar ós traballadores os coñecementos necesarios para o uso correcto e seguro dos útiles e maquinaria que se lle proporcione.

De acordo col artigo 7º R.D. 1627/1.997 o obxectivo do Estudio Básico de Seguridade e Saúde é o de servir de base para que o contratista elabore o correspondente Plan de Seguridade e Saúde no traballo no que se analizarán, estudiará, desenvolveran e complementarán as previsións contidas neste documento en función do seu propio sistema de execución de obra. En dito plano incluíranse, no seu caso, as propostas de medidas alternativas de prevención que o contratista propoña coa correspondente xustificación técnica.

2. AUTOR DO ESTUDIO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE

O presente estudio Básico de Seguridade e Saúde é redactado pola Enxeñeira de Montes Daniela Rodríguez Cruz colexiada nº. 6538 do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Montes. A súa elaboración foi encargada pola C.M.V.M.C. de Couso e considérase coma documento adxunto ao Plan Anual 2021.

3. CARACTERÍSTICAS DAS OBRAS

3.1. Descrición das obras e situación

A realización dos traballos recollidos no presente plan localízanse no monte veciñal propiedade da Comunidade de Montes de Couso – Gondomar.

As principais características desta obra:

Acceso a tráfico rodado:

Si Non

Acceso peatonal

Si Non

Entorno:

Agrícola Forestal Urbano

Topografía:

Inclinado Llano Abancalado Curso de auga Outros

Servidume e condicionantes

Líneas de alta tensión Servidumes de paso
 Outros,

Edificaci3ns colindantes: non existen

Os procesos que se levarán a cabo para a execución do presente plan anual de traballos son os seguintes:

- * Apeo de árbores motoserra
- * Apilado de madeira
- * Desramado con motoserra
- * Tronzado con motoserra
- * Saca madeira tractor forestal
- * Roza de vexetación con maquinaria
- * Poda con serrucho
- * Poda con motoserra
- * Selección de gromos de eucaliptos con motoserra
- * Manipulación de produtos fitosanitarios

3.2. Prazo de execución

O prazo de execución previsto dende a súa iniciación ata o seu remate completo é de 10 meses o que se corresponde con 220 días laborais.

3.3. Persoal previsto.

Para a execución das obras comprendidas no Proxecto estímase un termo medio de 4 traballadores, o que supón un volume de man de obra de 880 xornais.

3.4. Asistencia sanitaria

Existirá para os primeiros auxilios un botiquín contendo o material especificado no Anexo VI do R.D. 486/1997 de disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo. Sendo os centros de asistencia primaria (urxencias): Centro de Saúde Gondomar a 2 Km. TLF 986 360 781. (Calle Portugal s/n); para asistencia especializada (hospital) Hospital Alvaro Cunqueiro a 20 Km.

3.5. Maquinaria prevista

A maquinaria que se empregará na execución das obras será:

- * Autocargador
- * Rozadora
- * Motoserra
- * Tractor oruga o neumático
- * Vehículo todo terreo
- * Procesadora forestal

Esta maquinaria ademais de cumprir a regulamento específico deberá estar conforme cos requirimentos esenciais de seguridade e saúde establecidos na normativa vixente. Deberán levar a marca “CE” seguida das dúas últimas cifras do ano en que se puxera en marcha.

3.6. Medios auxiliares

Os medios auxiliares que se utilizarán nas obras serán:

- * Machada
- * Ferramentas manuais

4. ANÁLISE XERAL DE RISCOS E MEDIDAS PREVENTIVAS

Para os diferentes procesos da obra que constitúen o proxecto obxecto deste estudo, así coma da maquinaria e dos diferentes medios auxiliares que se utilizarán, analizaranse de seguido, para cada un deles, os diferentes riscos coas súas medidas de prevención e os seus equipos de protección individual (EPI's) a modo de ficha. Estas fichas servirán de base á hora de realizar o consabido Plano de Seguridade e Saúde que deberá ser aprobado antes do inicio da obra polo coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da mesma, no que se analizarán e estudarán, desenvolveranse e complementarase as previsións contidas neste documento en función do propio sistema de execución da obra.

4.1 Riscos e medidas preventivas dos procesos de obra.

Para cada proceso de obra identificaranse mediante unha ficha os riscos laborais os cales se aplicarán as medidas preventivas e proteccións técnicas tendentes a controlar e reducir os riscos mencionados. Isto non implica que en cada proceso soamente existan eses riscos ou exclusivamente pódanse aplicar esas medidas preventivas ou equipos de protección individual, posto que dependendo da concorrencia de riscos ou por razón das características do tallo determinado pódense empregar outros.

APEO DE ÁRBORES CON MOTOSERRA		
<i>RISCOS</i>	<i>EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL</i>	<i>MEDIDAS PREVENTIVAS</i>
